



# Neira Vilas

## IMPRESINDIBLE

Pilar Sampedro

*N*on quería lembrar agora aquel case poema (que algúns atribúen a Bertold Brecht) no que se fala dos que loitan un día, un ano, moitos anos ou toda a vida: os imprescindibles.

Pero si, quero rachar esa afirmación que se reitera unha e outra vez, neste tempo declarado da postmodernidade, para asegurar (polo positivo) que todos somos imprescindibles ou (polo negativo) que ninguén o é. Unha aseveración que repiten aqueles que nunca o serán máis que para os seus achegados, confiando en que una frase que se repite moito acaba por ser crida ou considerada verdadeira. Non queren asumir que cada dereito que temos, foi conseguido polos que fixeron folga para que todos cobráramos máis (a conta de que a eles lles descontaron os días que non traballaron), cada triunfo das clases humildes / dos pobos / das mulleres / dos dependentes / dos grupos menos favorecidos... responde á loita duns poucos e unhas poucas que antepuxeron o público ao propio, que traballaron na leira comunal, que miraron


por todas e non se quedaron absortos no espello que os reflectía.

Hai xente imprescindible ou máis imprescindible que outros, moito máis, ¡onde vai parar!

Son os que admiramos sen que nos unan a eles relacións familiares ou de amizade, polos que sentimos afecto aínda que nunca faláramos con eles, aqueles polos que deberíamos recibir condolencias (cando faltan) simplemente polo feito de que nos representaron. Véñenme á cabeza imaxes tristes, porque sempre se funde este pensamento a aquela noite na que no velorio de Novoneyra no Panteón de Galegos Ilustres, estabamos uns poucos acompañándoo e uns rapaces achegáronse e déronme o pésame, eu deillo a eles tamén, porque estaban alí, demostrando que eles e eu tamén sufríramos a perda... perderamos todos.

Agora quero referirme a un imprescindible, ao máis imprescindible (ao meu parecer) de todos os que nos acompañan neste tempo, Neira Vilas. Vou esquecer o

**Foi imprescindible desde que escribiu a biografía colectiva dunhas xeracións que só nos seus libros puideron reflectirse e saberse obxectos e suxeitos de cultura.**



*Neira Vilas no Instituto de Literatura e Lingüística da Habana (1977)*

**Foi o biógrafo dos esquecidos, dos silenciados, dos vencidos en todas e cada unha das batallas e dos explotados tamén nos tempos de paz. O retratista dos que “sofren inxustizas de cotío”.**

que lle quero, vou esquecer que me considero amiga e podo chamalo Pepe, vou esquecer o que me gusta falar con el e escoitalo, ou acompañalo no taxi mentres le o xornal de cada día e nos fai comentarios... para, simplemente, referirme a ese ser humano e personalidade pública que se reconece como Xosé Neira Vilas.

El, foi imprescindible desde que escribiu a biografía colectiva dunhas xeracións que só nos seus libros puideron reflectirse, mirarse no espello literario e saberse obxectos e suxeitos de cultura: “por fin estabamos nós, as nosas cousas, o noso mundo; así éramos e sentíamos”, confesan. O biógrafo dos esquecidos, dos silenciados, dos vencidos en todas e cada unha das batallas e dos explotados tamén nos tempos de paz. O retratista dos que “sofren inxustizas de cotío”, dos que nunca dan atopado o tesouro e cando lles cae nas mans desaparece nas augas antes de que dean aberto o cofre.

Esa *Memoria dun neno labrego* eran as memorias da clase máis baixa, a labrega; da xente que menos tiña, os caseiros; da idade menos valorada naquel momento, a infancia; do país máis triste, da lingua menos apreciada...

Imprescindible, Neira Vilas, quen ía falar de nós, dos “ninguéns”?

Imprescindible por ese libro que é o que conta con máis edicións, máis traducións e máis ventas. Un libro que nos leva a múltiples linguas e afastados lugares.

Imprescindible porque sempre dirá que foi escrito orixinariamente en galego, a lingua dun pequeno país, situado no noroeste da península Ibérica e berce do portugués.

Imprescindible porque o autor afirma que escribe porque o fai en galego. A defensa da lingua, da nosa cultura e da pa-



labra do agro e da terra, da emigración e do retorno.

Imprescindible. Como unha ladaíña que quero repetir unha e outra vez.

Imprescindible por toda a súa obra literaria ao longo do tempo; obra indispensable en cada un dos xéneros e dirixida a todas as idades. Máis de sesenta libros nas librarías, da man de moitas editoriais galegas e con varios a punto de saír do prelo.

Imprescindible por todo o seu traballo a favor da cultura galega (mais alá da escritura) a través de Follas Novas en Bos Aires ou no Instituto Galego n'A Habana, en todos e cada un dos esforzos individuais e colectivos dirixidos a promover e defender os valores de identidade de Galicia. Militante da causa galega.

Imprescindible como home con conciencia de clase, comprometido cos menos favorecidos como demostra o seu camiño á revolución cubana e o traballo que alí desenvolveu. Nas súas palabras: coma o salmón que volve de vello ao río, volve á casa. Dixera Anisia "Ti viñestes ao meu país, así que cando queiras imos ao teu". E volveron a Gres, para crear unha Fundación que é foco cultural no mundo rural, biblioteca para os veciños e faro que convoca a toda Galicia nos premios Estornela de teatro e Arume de poesía, demostrando por enésima vez que segue a mirar para o máis desfavorecido, os xéneros pobres da literatura infantil e xuvenil. Imprescindible no presente, a través desa Fundación Neira Vilas.

Imprescindible hoxe, indo polas escolas a falarlles aos máis novos deste idioma que temos que conservar e falar, da emigración que sufriron os seus... e escoitándoos con esa atención que só os verdadeiros avós lles prestan. O avó de todos e todas. O avó de Galicia enteira.



*Neira Vilas e Anisia en 1994*

**Imprescindible dando fe da dignidade dun tempo e dun tipo de homes que puxeron a leira comunal por riba da propia.**

Imprescindible dando fe da dignidade dun tempo e dun tipo de homes que puxeron a leira comunal por riba da propia.

Sempre será imprescindible como educador, como referencia dos valores do país e da esquerda verdadeira, dos valores éticos; modelo da integridade dos que poden dar nome a escolas e bibliotecas, a rúas e fundacións sen temor a que ningún teña que arrepentirse, nunca.

Por todo iso, Neira Vilas é imprescindible e o maior referente da nosa cultura viva.